



Moción polo día 25 de novembro en contra das violencias machistas.

Exposición de motivos:

Como cada ano arredor da data do 25 de novembro, cómpre reflexionar sobre a situación que deixa a realidade da violencia machista, e reivindicar accións concretas que contribúan a erradicar a súa existencia e garantan unha adecuada atención ás mulleres e crianzas vítimas desta situación. A loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde manifestada en propostas concretas que melloren a aplicación e desenvolvemento das leis e dos seus instrumentos.

É incuestionable a existencia da violencia machista e o seu forte impacto nas mulleres:

A nivel de Estado, no ano 2024, son 40 as mulleres que foron asasinadas 1.284 mulleres desde o ano 2003.

Na Galiza son 4 as mulleres asasinadas no que vai de ano, superando xa a cifra de asasinatos no ano 2023. Compútanse máis de 70 mulleres asasinadas a nivel galego, desde o incio das estadísticas no ano 2003. Os feminicidios son a consecuencia máis extrema da violencia machista, pero hai outros datos que indican o alcance desta realidade, no que vai de ano emitíronse no noso país máis de 1400 ordes de afastamento, 7795 casos activos en Viogen, dos que 3231 contan con protección oficial, ou máis de 900 delitos coñecidos contra a liberdade sexual, cun incremento do 20%, o maior en toda a súa serie histórica.

Mentres os datos describen unha realidade preocupante, digna de ser catalogada como de emerxencia, emerxen discursos negacionistas e banalizadores, ou que insisten en etiquetar esta realidade como algo individual ou inevitable. Todos estes

discursos queren ocultar ou minimizar o feito de que é unha responsabilidade colectiva, institucional e social, a de protexer os dereitos humanos e a vida das mulleres. É preciso avaliar que podemos facer para evitar o avance da violencia machista, dos feminicidios e para garantir a adecuada atención e protección das mulleres e crianzas vítimas desta violencia.

A lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, inclúe medidas integrais para a prevención, a sensibilización e información, tratamento da violencia de xénero e para a protección e apoio ás mulleres que a sofren. Porén, hai aspectos desta lei que non se están a desenvolver ou nos que se está a errar na súa aplicación, entre os que podemos nomear os seguintes:

-atención psicolóxica insuficiente, con un número de sesións moi limitado, e de alcance insuficiente dado que chegan tan só ao 20% das vítimas.

-insuficiencia de recursos de proximidade como son os CIM e escaso financiamento o cal deriva en escaseza de medios nos que xa existen.

-retroceso no simbólico e tamén no estatus institucional que recoñeza a importancia das políticas de igualdade e atención ás vítimas de violencia machista, como é a supresión da Secretaría Xeral de Igualdade.

-elexir a modalidade de privatización para os futuros centros de crise 24horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual, o que deriva na precarización destes recursos.

Cómpre fronte a esta realidade, facer un recoñecemento ás mulleres e aos colectivos grazas aos que a violencia machista está no centro do debate político contribuindo coa súa acción de xeito innegábel ao avance das políticas.

Debemos afondar no compromiso político e institucional fronte a esta realidade, polo que presentamos as seguintes propostas de acordo:

- 1.Reafirmar o compromiso do concello de San Sadurniño coa loita contra as violencias machistas, desenvolvendo o conxunto de accións planificadas desde o plan

de igualdade do Concello de San Sadurniño e cantas outras sexan precisas no ámbito da nosa competencia.

2.Instar á xunta de Galiza a incrementar os programas de formación en igualdade e prevención da violencia machista, garantindo un especial alcance nos ámbitos sanitario, educativo, xutiza e servizos sociais.

3.Instar á xunta de Galiza a dotar orzamentariamente un plan de reforzo para a ampliación dos programas de atención psicolóxica para mulleres vítimas de violencia machista.

4.Instar á xunta á modificación do decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e os procedemento para o recoñecemento e acreditación dos CIM para:

-establecer que ningunha muller teña que desprazarse máis de 15 quilómetros do seu domicilio para poder ser atendida nestes recursos

-regular con criterios obxectivos as necesidades cuantitativas e cualitativas das persoas profesionais coas que debe contar un CIM, incidindo en que sexa requisito un mínimo de 500 horas de formación relacionada coa igualdade entre mulleres e homes.

-establecer ratios do persoal requerido en función da poboación obxectiva de mulleres á que debe atender o recurso, aos indicadores de demanda e a planificación de actividades que o centro acredite desenvolver.

5.Rectificar a decisión de privatizar os futuros centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e garantir a prestación deste servizo desde o SERGAS, con persoal suficiente, e acelerar a súa posta en marcha nas sete áreas sanitarias.

6.Actualizar o Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galiza co fin de dar unha resposta efectiva a todas as mulleres vítimas.

Juan Alberto Rivera Franco

Voceiro PSOE



María Muíño Filgueira

Voceira BNG

